

**MESA XERAL 14 DE ABRIL**  
**PROPOSTA DE ANTEPROXECTO DE DECRETO QUE**  
**MODIFICA O DECRETO 37/ 2006 REGULADOR DOS**  
**NOMEAMENTOS DE PERSOAL INTERINO E CONTRATACIÓN**  
**TEMPORAL XUNTA DE GALICIA**

A DXEPAP manifesta que o Decreto establece a **tramitación electrónica obrigatoria**, os **chamamentos ordinarios e extraordinarios**, a **eliminación das excepcións ás suspensións para chamamentos das melloras de emprego**, **adapta as credenciais dos chamamentos ao SMS urxente**, e establece nunha **disposición adicional medidas extraordinarias de xestión das listas de persoal de SPIF** que e o que **determina o trámite de urxencia**, e refiren a **negociación dun novo Decreto posteriormente**.

UGT manifestamos que estamos ante o sétimo Decreto sin contar outras modificacións introducidas nas leis de medidas, e nesta modificación proposta non se refunden as anteriores nin e contemplan cuestións que son solicitadas reiteradamente por este sindicato, por exemplo: **revisión de ámbitos**, **listas de promoción interna temporal**, **listas de AP logo da funcionarización sin desglosar**,...

Certamente o Anteproxecto culmina o proceso gradual de tramitación electrónica obrigatoria pero hai cuestións do Anteproxecto que deben ser revisadas: **chamamentos extraordinarios SMS urxente cun limite de aceptación até o mesmo día as 23,59 h pero sin hora limite de emisión**; clarificar si en todos os supostos de chamamentos extraordinarios por vía **SMS urxente non se considerará rexeitamento o non acceso**; tal e como está o **texto podería non ser previsible a cobertura dunha baixa de larga duración**, por así decidirse, e si concorre outra circunstancia ou non, este chamamento que debería ser ordinario se cursa como extraordinario; **as acumulacións de tarefas en SPIF no é materia dun Decreto de listas** e en ningún caso pode ser unha acumulación de substitucións non xestionadas ou deficit de persoal encuberto por dita acumulación, e **a retirada radical das melloras de emprego das excepcións de chamamentos non é unha mellora de xestión é un recorte de dereitos** e se debe modificar e respectar, alomenos, en caso de chamamentos de vacante ou previsible larga duración...

A DXEPAP **insiste na urxencia** dos cambios para atender a **xestión das listas de SPIF** e que os **artigos que se modifican son os que gardan relación coa disposición adicional de SPIF**, os outros se trataran nunha **negociación posterior**, xa que a **aplicación informática será única** e polo tanto os cambios son iguais para todos os colectivos. Insisten en que tivemos prazo para alegar (venres e luns), no obstante **acepta dar prazo ata o xoves 16** para que se envíen alegacións por escrito, aínda que recolleron todas as cuestións que se formularon xa nesta Mesa.

UGT solicitamos que a referencia a negociar un Decreto que integre todos os anteriores e modifique cuestións como as que formulamos reiteradamente, se comprometa nun marco temporal, cando???